

CONVENIO ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN (GAIN), O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) - E O INSTITUTO NACIONAL DE TÉCNICA AEROESPACIAL “ESTEBAN TERRADAS” (INTA) PARA A XESTIÓN DO “CENTRO DE INVESTIGACIÓN AEROTRANSPORTADA DE ROZAS”, COMO CENTRO MIXTO DE TITULARIDADE COMPARTIDA ENTRE AS INSTITUCIÓN S SIGNATARIAS

En Santiago de Compostela, 3 de agosto de 2020

REUNIDOS

D. FRANCISCO JOSÉ CONDE LÓPEZ, Conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia e Presidente da Axencia Galega de Innovación (en diante, GAIN) e do Instituto Galego de Promoción Económica (en diante, IGAPE), actuando no exercicio do cargo para o que foi nomeado por Decreto 124/2015, do 4 de outubro (DOG nº 190, do 5 de outubro), en uso das atribucións conferidas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e a súa Presidencia, (modificada polas leis 11/1988, do 20 de outubro; 7/2002, do 27 de decembro; 2/2007, do 28 de marzo e 12/2007, do 27 de xullo) e polo Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus Estatutos, (modificado polo Decreto 15/2014, do 6 de febreiro e polo Decreto 125/2016, do 1 de setembro) e do artigo 11 da Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do IGAPE.

D. JOSE MARÍA SALOM PIQUERES, Director Xeral do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial “Esteban Terradas” (en diante, INTA), cargo para o cal foi designado polo Real Decreto 1061/2017, do 22 de decembro, en nome e representación do citado Instituto, conforme ao disposto no artigo 16 do Estatuto do INTA, aprobado por Real Decreto 925/2015, do 16 de outubro.

As partes, recoñecendo mutuamente capacidade legal suficiente, subscriben o presente Convenio de Colaboración, a cuxo efecto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que GAIN é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, tal e como se recolle no Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e apróbanse os seus estatutos (modificado polo Decreto 15/2014, do 6 de febreiro e polo Decreto 125/2016, do 1 de setembro).

Esta entidade atópase adscrita á Consellería de Economía, Emprego e Industria (Decreto 146/2016, do 13 de novembro) e conta con personalidade xurídica propia diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesourería propios e autonomía de xestión nos termos que precisen as leis. Ten como finalidade fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas, así como o apoio e impulso do crecemento da competitividade das empresas galegas a través da implementación de estratexias e programas de innovación eficientes (Decreto 135/2017, do 28 de decembro).

Os seus estatutos atribúenlle, entre outras, as seguintes funcións: a ordenación, planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias en materia de fomento da investigación que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do establecido no artigo 27.19º do Estatuto de autonomía de Galicia e a promoción, xestión e execución do Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica, asumindo a súa coordinación, seguimento e avaliación.

SEGUNDO. - Que o Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), é un ente de dereito público, con personalidade xurídica e patrimonio propios, adscrito á Consellería de Economía, Emprego e Industria, tal e como se recolle na Lei 5/1992, do 10 de xuño, pola que se acorda a súa creación.

Segundo o artigo 3 da devandita lei, o IGAPE créase como un instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia para impulsar o desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego, promovendo actividades que contribúan á creación de emprego en Galicia e a un desenvolvemento económico harmónico, equilibrado e xusto, baseado nun tecido industrial moderno e competitivo.

TERCEIRO.- Que o INTA, é un Organismo Público de Investigación de acordo co

disposto na Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, é un Organismo Autónomo, adscrito ao Ministerio de Defensa, a través da Secretaría de Estado de Defensa, dos previstos no artigo 84.1.a.1º da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, especializado na investigación e desenvolvemento tecnolóxico aeroespacial, que ten as funcións sinaladas no artigo 7.2 do seu Estatuto, aprobado por Real Decreto 925/2015, do 16 de outubro.

Entre as súas principais funcións destacan a adquisición, mantemento e mellora continuada de todas aquelas tecnoloxías de aplicación no ámbito aeroespacial; a realización de todo tipo de ensaios para comprobar e certificar materiais, compoñentes, equipos, subsistemas e sistemas de aplicación no campo aeroespacial; o asesoramento técnico e a prestación de servizos a entidades e organismos oficiais, así como a empresas industriais ou tecnolóxicas, e a actuación como centro tecnolóxico do Ministerio de Defensa.

CUARTO. - Que a Xunta, no marco da súa política de apoio ao desenvolvemento do sector aeroespacial en Galicia, decidiu en 2015 impulsar o aeródromo de Rozas, tanto no seu carácter de infraestrutura tecnolóxica singular como de parque tecnolóxico e industrial.

QUINTO. - Que a propiedade sobre o Aeródromo de Rozas corresponde ao Ministerio de Defensa do Goberno de España, tendo o INTA unha concesión demanial sobre os terreos delimitados de acordo aos documentos que rexen dita concesión. .

SEXTO. - Que, co obxectivo descrito no punto CUARTO, as partes subscribiron o día 5 de novembro de 2014, un convenio de colaboración para o financiamento do proxecto “*Infraestructuras e equipamento para a creación dun centro de investigación aerotransportada*”, en Rozas (Lugo), orzamentado nun total de 10.000.000 de euros, polo que GAIN e o IGAPE obrigáronse a achegar ata un máximo do 20% do seu importe total (2.000.000€);

SÉTIMO. - Que, con ese mesmo obxectivo, GAIN, INTA e IGAPE subscribiron un convenio para a creación do Centro Mixto de Investigación Aerotransportada (CIAR) no Aeródromo de Rozas, con data 1 de outubro de 2015. Mediante o devandito convenio, GAIN, IGAPE e INTA contribuíron para que o INTA xestionase como infraestrutura tecnolóxica aberta as infraestruturas construídas en Rozas.

OITAVO. - Que, como continuación da colaboración sinalada en parágrafos anteriores, GAIN, o IGAPE e o INTA están interesados en dotar de viabilidade a

longo prazo a esta colaboración, subscribindo o presente Convenio.

Por canto antecede, as Partes acordan formalizar o presente Convenio en base ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. - OBXECTO

O obxecto do presente convenio é regular a xestión compartida do “Centro de Investigación Aerotransportada de Rozas” (en diante, CIAR), por GAIN, IGAPE e INTA; así como establecer o réxime xurídico que debe regular o funcionamento do mesmo.

O CIAR ten natureza e carácter de Centro Mixto de titularidade compartida, de conformidade co disposto no artigo 34 da Lei 14/2011, do 1 de xuño da Ciencia, Tecnoloxía e a Innovación.

As Partes comprométense a participar na xestión do CIAR e a contribuír no seu funcionamento nos termos establecidos nas cláusulas seguintes.

SEGUNDA. - FINS E OBXECTIVOS DO CIAR

O CIAR constitúese como unha infraestrutura aberta, que ofrece á comunidade científica e empresarial as infraestruturas necesarias para o desenvolvemento de aeronaves a realización de campañas para a avaliación e mellora das mesmas e en xeral, a realización de I+D+i con aeronaves, de forma que se poidan levar a cabo os voos de forma eficiente e segura.

En particular, son fins e obxectivos do Centro os seguintes:

- a) **Apoiar a política aeroespacial de Galicia**, como infraestrutura básica da mesma, capaz de dar servizo á comunidade empresarial e científica con intereses en Galicia.
- b) **Fomentar o desenvolvemento tecnolóxico no sector aeroespacial e a investigación atmosférica e o coñecemento do clima combinando os ensaios atmosféricos co desenvolvemento dos UAS e RPA de investigación científica.**



- c) **Fomentar a innovación**, xa que actualmente non existe en Europa ningún centro no cal se desenvolvan tecnoloxías asociadas ás aplicacións civís de vehículos aéreos non tripulados (UAV).
- d) **Favorecer a colaboración internacional na investigación científica**, xa que este centro é único en Europa de acordo aos criterios de ESFRI, situando a España como líder europeo neste campo.
- e) **Priorizar o desenvolvemento da industria e a tecnoloxía en Galicia**, impulsando a implantación de empresas no territorio e outorgando acceso ao CIAR para desenvolvemento e ensaio, ás empresas e centros tecnolóxicos e de investigación.
- f) **Atraer talento e fortalecer as capacidades** de universidades, centros e empresas no sector aeroespacial.

TERCEIRA. - RÉXIME XURÍDICO E DE ACTUACIÓN DAS PARTES EN FAVOR DO CIAR

O CIAR non terá personalidade xurídica propia, polo que serán as partes asinantes do presente convenio as que poidan adquirir dereitos e obrigacións en nome do centro mixto.

Á hora de adquirir estes dereitos e obrigacións, as partes asinantes do presente convenio actuarán en favor do CIAR baixo estes principios:

1. Calquera das partes poderá adquirir dereitos e obrigacións en nome do CIAR, en concreto e sen ánimo exhaustivo:
 - a. asumir a condición de beneficiario para o cobro de axudas, subvencións ou calquera outra cantidade percibida en favor do CIAR.
 - b. Calquera das partes poderá actuar como órgano de contratación para a adquisición de obras, bens ou servizos destinados ao CIAR.
2. Os convenios ou acordos con outras entidades, subscritos polas partes en nome do CIAR, deberán, en todo caso, aprobarse de maneira ex ante, expresa e por escrito, no marco dos órganos de Goberno establecidos neste Convenio.



CUARTA. - POSTA A DISPOSICIÓN

Os bens adscritos ao CIAR á firma do presente acordo son:

Por parte do INTA:

- A. Os terreos, edificios e instalacións incluídos na concesión demanial mencionada no punto quinto do expositivo, salvo os terreos cuxo dereito real de uso sexa cedido á Xunta de Galicia para o desenvolvemento do Parque Industrial de Rozas. A titularidade do inmovible é do Estado (Ramo de Defensa). Entre estes atópanse, sen ánimo exhaustivo:
 - A torre de control.
 - Os edificios anexos á torre de control.
 - En xeral, as instalacións de índole aeronáutica existentes na propiedade.
- B. O conxunto de edificios e infraestruturas do CIAR construídos ou adquiridos, tanto no pasado como no futuro, no marco do Convenio mencionado no punto sexto do expositivo e en concreto:
 - O equipamento da torre de control.
 - O hangar.
 - O equipamento dos edificios anexos á torre de control.
 - A zona de aparcadoiro asociada.

En particular, de acordo coas condicións da concesión demanial establecidas polo Ministerio de Defensa e a súa addenda, para as actividades do INTA no CIAR, para as actividades deste, poderanse utilizar as instalacións aeronáuticas (pista de voo, hangares, instalacións de combustible, etc.) comprendidas na concesión ao Real Aeroclub, de acordo co calendario de utilización das mesmas que se acorden anualmente con este e co custo que, no seu caso, deba abonarse ao Real Aeroclub por tal uso, tendo en conta que, de acordo coas condicións da súa concesión demanial, é este último o responsable da conservación, mantemento, seguridade e adecuada utilización das instalacións aeronáuticas que ten cedidas.

Os activos achegados á firma deste convenio ou adquiridos nun momento posterior, quedarán ao dispor do CIAR durante o período de vixencia do Convenio, sen que iso supoña transmisión de título de propiedade, que permanecerá nos cedentes/financiadores.

O CIAR manterá actualizado, en todo momento, un inventario dos bens que teña adscritos, o cal haberá de sinalar a Institución á que, en cada caso, corresponda a

propiedade daqueles.

As obras e instalacións de calquera natureza realizadas necesitarán autorización previa da Dirección Xeral de Infraestrutura, do Ministerio de Defensa, sen que supoñan ningunha carga para o Ministerio de Defensa e acrecerán á propiedade deste último sen que o Estado teña que satisfacer indemnización algunha por este concepto, sendo adquiridas, en todo caso, gratuitamente e libres de cargas e gravames polo Estado (Ministerio de Defensa) ao finalizar a concesión.

QUINTA. - XESTIÓN ECONÓMICA, ADMINISTRACIÓN E GASTOS DE FUNCIONAMENTO

Para o logro dos obxectivos sinalados na cláusula segunda, e en cumprimento do disposto no artigo 34.3 da Lei 14/2011, do 1 de xuño da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, cada parte contribuirá ao desenvolvemento do centro mediante a achega dos recursos necesarios que se establezan en acordos específicos, os cales se formalizarán nas correspondentes addendas ao presente Convenio.

O réxime de recursos do CIAR, en materia de gastos de funcionamento, axustarase aos seguintes criterios:

Para o desenvolvemento das súas actividades o CIAR contará cun orzamento anual de funcionamento de carácter funcional único, segundo os conceptos que se determinen. Este orzamento estará constituído polas achegas das institucións cotitulares, para facer fronte a devanditos gastos.

O orzamento de funcionamento, así como a liquidación do orzamento do exercicio anterior serán aprobados anualmente pola Comisión Reitora, previo coñecemento das partes.

A previsión da achega inicial, por parte de GAIN e IGAPE, contemplada no presente convenio, esténdese ás anualidades 2020, 2021 e 2022, de acordo á seguinte distribución,

	Aplicación	2020	2021	2022	TOTAL
--	------------	------	------	------	-------

	orzamentaria				
GAIN	09.A3.561A.703.0	100.000	100.000	100.000	300.000
	09.A3.561A.403.0	40.000	80.000	80.000	200.000
IGAPE	09.A1.741A.403.0	150.000	150.000	150.000	450.000
TOTAL		290.000	330.000	330.000	950.000

As achegas de GAIN e IGAPE teñen a consideración de transferencias para o funcionamento do CIAR. Estas achegas efectuaranse ao INTA como xestor das actividades no CIAR.

1. Achega do IGAPE

A dotación do IGAPE destinarase ao financiamento de gastos correntes. En cada anualidade, a disposición destes fondos deberá librarse en partes alícuotas correspondentes aos meses de actividade do CIAR. Con carácter previo ao pago, o INTA deberá remitir a IGAPE, no que respecta a súa achega, a seguinte documentación xustificativa relativa a gastos realizados no CIAR:

- Solicitud de pago
- Memoria xustificativa dos gastos correntes realizados
- Unha relación clasificada de gastos e investimentos das actividades realizadas con identificación dos conceptos de gasto, os provedores e as facturas ou documentos de valor probatorio equivalente, con validez de tráfico xurídico mercantil ou eficacia administrativa, os seus importes, data de emisión e datas de pago. Acompañarase documentación xustificativa de pago.

2. Achega de GAIN

2.a. Financiamento de investimentos

A dotación de GAIN con cargo á partida 09.A3.561A.703.0 destinarase ao financiamento de investimentos. Con carácter previo ao pago, o INTA deberá remitir a GAIN antes do 2 de decembro de cada ano e atendendo aos prazos sinalados na táboa indicada a continuación, no que respecta a súa achega, a seguinte documentación xustificativa relativa a gastos realizados no CIAR:

- Solicitud de pago
- Memoria xustificativa dos investimentos realizados
- Unha relación clasificada de gastos e investimentos das actividades realizadas con identificación dos conceptos de gasto, os provedores e as facturas ou documentos de valor probatorio equivalente, con validez de tráfico xurídico mercantil ou eficacia administrativa, os seus importes, data de emisión e datas de pago. Acompañarase documentación xustificativa de pago.

	2020	2021	2022	TOTAL
GAIN	100.000	100.000	100.000	300.000
Período de realización	01/09/2020	01/12/2020	01/12/2021	
de gastos e pagos	30/11/2020	30/11/2021	30/11/2022	
Data límite presentación documentación xustificativa	02/12/2020	02/12/2021	02/12/2022	

Co fin de adecuar os ingresos efectuados por parte de GAIN e IGAPE, dentro do marco do convenio, a xustificación económica por parte do INTA, axustarase ao gasto real realizado.

2.b. Outras achegas cofinanciadas por GAIN

Un dos obxectivos principais do Centro, é o desenvolvemento de actividades derivadas de proxectos de I+D+i realizados por terceiras entidades a través de procedementos xestionados pola Xunta de Galicia. Para facilitar ás devanditas entidades, o acceso ao Centro e aos servizos que este ofrece, GAIN achegará ata 40.000 euros na anualidade 2020 e ata 80.000 euros nas anualidades 2021 e 2022.

Dita achega realizarase de acordo coas seguintes estipulacións:

1. Para os efectos de acordo, a tarifa de voo para as empresas será de 800€/día.
2. A Xunta definirá de maneira expresa o criterio e as empresas ás que debe



- aplicarse este acordo, entendendo o INTA que se tratará dun grupo amplo de empresas que comparten o feito de participar na Civil UAVs Initiative.
3. Deses 800€ a empresa abonará unicamente 200€/día e GAIN pagará ao CIAR os outros 600€, con cargo á aplicación 09.A3.561A.403.0 do orzamento de GAIN (ata 40.000 euros en 2020, ata 80.000 euros en 2021 e ata 80.000 euros en 2022)
 4. O concepto “día de voo” inclúe todas as autorizacións e servizos necesarios para facer efectivo o uso do aeródromo durante un día completo, non podendo cargarse con custos adicionais ás empresas que accedan a esta tarifa.
 5. Cada trimestre, o CIAR realizará unha certificación das xornadas realizadas polas empresas citadas. Dita certificación levará anexa toda a documentación xustificativa do efectivo uso dos medios obxecto do presente anexo: solicitude da empresa, documentación xerada (NOTAM e similares), albará ou factura á empresa. A certificación correspondente ao último trimestre de cada anualidade emitirase con data anterior ao 31 de decembro do ano en curso.
 6. Por cada día-empresa utilizado, GAIN realizará unha achega de 600€ que se librarán ao CIAR durante o trimestre seguinte.
 7. O pago da achega realizarase en función do gasto xustificado ata o importe máximo previsto en cada anualidade, con posibilidade de revisión do devandito importe.

As partes asinantes adquiren o compromiso de que os resultados económicos derivados da realización de proxectos, convenios ou contratos de I+D+i en nome do CIAR, así como calquera outro ingreso relacionado coa actividade do Centro quedarán sometidos ao establecido neste Convenio.

3. Achega do INTA

O INTA contribuirá ao desenvolvemento do centro cos terreos cuxo uso ten en concesión demanial, ademais das infraestruturas (pistas, edificios, equipamento...) e persoal (de xestión, científico e técnico).

A previsión da achega económica do INTA esténdese ás anualidades 2020, 2021 e 2022 de acordo coa seguinte distribución:

	2020	2021	2022	TOTAL
INTA	100.000	100.000	100.000	300.000,00

A achega económica destinarase ao financiamento de gastos correntes e irán cargados á Aplicación Orzamentaria 14.101.464A.2130000, para realizar a xustificación da devandita achega, o INTA enviará a GAIN e IGAPE:

- Memoria xustificativa das actividades realizadas e
- Memoria económica dos gastos realizados

SEXTA. - ÓRGANOS DE GOBERNO

O CIAR dispoñerá dos seguintes órganos:

1.1 A Comisión Reitora.

Constituirase unha Comisión Reitora, como órgano de goberno do CIAR que ten competencias sobre todas aquelas cuestións e incidencias que afecten á definición das liñas de investigación, actividades, composición, estrutura e bo funcionamento do Centro, sen prexuízo do establecido na cláusula terceira.

Estará constituída por:

- Dous representantes, con voz e voto, da Administración autonómica de Galicia:
 - A Dirección de GAIN, ou persoa en quen delegue
 - A Dirección Xeral de IGAPE, ou persoa en quen delegue
- Dous representantes, con voz e voto, do INTA:
 - A Dirección Xeral do INTA, ou persoa en quen delegue
 - A Subdirección Xeral de Sistemas Aeronáuticos do INTA, ou persoa en quen delegue
- Secretario, con voz e sen voto



Os membros da Comisión Reitora non poderán ter a condición de persoal adscrito ao centro.

O cargo de membro da Comisión Reitora poderá desempeñarse persoalmente ou por delegación expresa, tendo cada un dos membros un voto, a efectos das deliberacións. Os representantes de cada parte poderán, así mesmo, delegarse mutuamente a súa representación para cada reunión.

Exercerá a secretaría a persoa designada de común acordo polas partes, que actuará con voz e sen voto. O secretario pertencerá á organización que non exerza a presidencia.

Son funcións do secretario levantar acta das reunións da Comisión Reitora que será aprobada na propia sesión e asinada por todos os membros presentes ou representados.

A presidencia será exercida de forma alternativa polas partes por períodos de 1 ano, producíndose unha quenda rotatorio segundo se acorde na primeira reunión que celebre a Comisión Reitora.

A Comisión Reitora poderá celebrar as súas reunións de maneira presencial ou telemática.

Serán funcións da Comisión Reitora as seguintes:

- Actuar como órgano de goberno do CIAR.
- Aprobar o plan de actuación.
- Aprobar o orzamento anual do Centro, de acordo co establecido no presente Convenio.
- Realizar o control económico e financeiro do Centro.
- Aprobar a Memoria Anual de actividades do Centro.
- Decidir sobre os dereitos de explotación que deben corresponder ás partes, de producir resultados patentables os proxectos que se desenvolvan no centro.
- Aprobar a incorporación de novas entidades, conforme ao establecido na cláusula duodécima do convenio.
- Autorizar a firma dos convenios, contratos e outros documentos polas



partes en nome do CIAR.

- Realizar o seguimento do presente convenio e velar polo cumprimento dos seus obxectivos.
- Designar a composición da Comisión Liquidadora
- Calquera outras que se encamiñen ao cumprimento do Convenio ou ao seu desenvolvemento conforme aos intereses das partes.

A Comisión Reitora reunirase, de forma ordinaria, cunha periodicidade semestral, na sede do CIAR e de forma extraordinaria, cando o solicite unha das Partes.

Os acordos da Comisión Reitora adoptaranse por maioría de todos os membros presentes.

Para as cuestións non previstas na presente estipulación sobre o funcionamento da Comisión Reitora estarase ao disposto sobre órganos colexiados nos artigos 22 e seguintes da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas.

1.2 A dirección do CIAR.

A proposta de nomeamento e cesamento da dirección e vicedirección corresponderá á comisión reitora. Ambos postos serán exercidos alternativamente polas partes e por períodos de dous anos.

A vicedirección ostentará a organización que non exerza a dirección.

O nomeamento da dirección realizarase a partir da inscrición do Convenio no Rexistro e a súa publicación no BOE.

SÉTIMA. - PROPIEDAD INDUSTRIAL E EXPLOTACIÓN DOS RESULTADOS DA INVESTIGACIÓN

No caso de que calquera actividade investigadora desenvolva polas partes no CIAR producise resultados susceptibles de protección mediante patentes ou outras formas de propiedade industrial ou intelectual, a titularidade das mesmas corresponderá ás partes, de maneira proporcional á súa participación na obtención

do resultado.

A solicitude das patentes farase a nome das partes, con independencia da que tramite a solicitude.

A xestión da protección e a transferencia dos resultados da investigación levaranse a cabo pola parte que sexa maioritaria na titularidade, dando conta das súas actuacións ás partes cotitulares minoritarias. Estas actuacións deberán acordarse polas partes no caso de que a titularidade o sexa a partes iguais.

Unha vez determinada a institución que se configure como maioritaria na titularidade dos dereitos de propiedade intelectual e/ou industrial, a institución minoritaria concederá a súa representación á maioritaria para cuantos actos sexan precisos para a súa xestión, explotación e disposición patrimonial. Esta mesma representación e con esta finalidade outorgarase igualmente no contido do acordo para o caso de titularidade por partes iguais.

Os gastos que leve aparellada a xestión da protección e a eventual transferencia dos resultados abonaranse polas partes en proporción á participación de cada unha delas. No caso de que unha das partes manifestase á outra por escrito non estar interesada na titularidade de calquera dos resultados, a outra parte poderá continuar, no seu propio nome, asumindo todos os dereitos e obrigacións con respecto ao seu propio persoal investigador. Neste caso, a titularidade da propiedade dos resultados e dos dereitos patrimoniais ou de explotación derivados dos mesmos corresponderá na súa totalidade á institución interesada na súa protección, sen prexuízo do recoñecemento da autoría ou da condición de inventor a todos os investigadores participantes na investigación con independencia da institución á que pertencen, de conformidade coa lexislación en materia de propiedade intelectual e industrial.

Os beneficios que se obteñan de calquera transferencia ou explotación dos resultados, unha vez deducidos os gastos de protección de acordo coas normas de aplicación a cada parte, distribuiranse da seguinte forma:

- 1º. Liquidaranse os dereitos que correspondan aos autores conforme as normas que lles sexan aplicables en virtude da institución da que dependan e en proporción á porcentaxe de autoría que documentalmente se estableceu.
- 2º. Liquidaranse os dereitos que poidan corresponder aos Grupos de Investigación para as tarefas da súa propia investigación, de acordo coa normativa aplicable a cada caso.
- 3º. Destinarase a favor do CIAR unha porcentaxe a determinar pola Comisión Reitora, de acordo coa normativa aplicable en cada institución.

4º. A cantidade restante distribuirase entre as partes en función da porcentaxe de autoría do seu persoal investigador, de acordo coa normativa aplicable en cada institución.

OITAVA. - DIFUSIÓN E PUBLICIDADE DO CIAR

No transcurso de seis meses a partir da inscrición do Convenio no Rexistro e a súa publicación no BOE, a comisión reitora aprobará un manual imaxe corporativa do CIAR, que deberá ser seguido polas partes nas súas actividades de difusión, publicidade e comunicación relativas ao CIAR.

Nas publicacións ou en calquera outra forma de difusión ou divulgación de calquera actividade realizada no CIAR polas partes e por terceiros, seguirase o establecido polo manual de identidade corporativa.

As partes elaborarán anualmente unha memoria resumindo as actividades no CIAR, para a súa aprobación pola Comisión Reitora.

As partes comprométese ao disposto na Disposición Adicional Segunda do Real Decreto 1465/1999, do 17 de setembro polo que se establecen criterios de imaxe institucional e regúlase a produción documental e o material impreso da Administración Xeral do Estado.

NOVENA. - CONFIDENCIALIDADE

As partes comprométese a non difundir, baixo ningún aspecto, toda información intercambiada entre elas e en particular as informacións científicas, técnicas ou de calquera outra índole, pertencentes á outra parte, ás que haxa podido ter acceso no desenvolvemento dos traballos que puidesen realizarse, salvo autorización previa por escrito da outra parte.

Esta obrigação de confidencialidade non será de aplicación cando:

- A parte receptora poida demostrar que coñecía previamente a información recibida.
- A información recibida sexa ou pase a ser de dominio público.
- A parte receptora obteña autorización previa e por escrito da súa revelación.
- A información sexa requirida xudicialmente ou por orde da autoridade administrativa.

A Comisión Reitora apreciará, en todo caso, a necesaria confidencialidade das informacións obtidas no proxecto concreto, e velará porque tales informacións se

manteñan reservadas entre os participantes do mesmo.

Cada institución poderá utilizar sen autorización das demais, os resultados obtidos pola súa banda, parciais ou na súa totalidade, para a súa publicación como artigo, conferencia ou calquera outro medio.

Este réxime poderá ser alterado nos acordos específicos para adaptarse ás circunstancias concretas que cada proxecto requira.

DÉCIMA. - DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De conformidade co establecido na lexislación vixente, GAIN, o IGAPE e o INTA aceptan expresamente a incorporación dos seus datos aos ficheiros automatizados corporativos dos demais, así como o seu tratamento automatizado, para as finalidades de xestión do presente Convenio.

Ambas partes poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición dos seus datos nos ficheiros corporativos da outra parte, nos termos establecidos na lexislación vixente.

Así mesmo, manterán a máis absoluta confidencialidade respecto a os datos de carácter persoal da outra parte aos que tivese acceso pola subscrición do presente Convenio, e unicamente poderá cedelos aos organismos oficiais aos que estea legalmente obrigado, de acordo coa lexislación vixente, non podendo facelo con respecto a terceiros privados, todo iso de conformidade co previsto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e demais Normativa de aplicación.

UNDÉCIMA. - RESPONSABILIDADES DAS PARTES

As partes asumirán conxuntamente a responsabilidade polos danos persoais ou materiais causados a terceiros que se produzan con ocasión ou como consecuencia das actividades e funcionamento do CIAR, salvo nos supostos de dolo ou negligencia, neste caso serán as partes que estivesen implicadas directamente ou a través dos profesionais a ela pertencentes, as que asumirán tal

responsabilidade.

DUODÉCIMA. - INCORPORACIÓN DE NOVAS ENTIDADES

As partes poderán acordar, a través da Comisión Reitora, a incorporación ao CIAR doutras entidades ou organismos de investigación, públicos ou privados.

A incorporación formalizarase mediante addenda a este convenio, na cal se regulará a participación dos novos membros nos órganos de goberno do centro, así como as achegas que os mesmos se comprometen a efectuar.

DÉCIMO TERCEIRA.-. ENTRADA EN VIGOR E DURACIÓN

O convenio perfecciónase coa prestación do consentimento das partes e terá efectos a partir de que, unha vez asinado, inscribíbase no Rexistro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público e publíquese no Boletín Oficial do Estado, segundo establécese no artigo 48.8 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2022. O convenio poderá ser obxecto de prorroga mediante acordo expreso formalizado por escrito e por un prazo non superior a catro anos, de acordo ao artigo 49 da Lei 40/2015 podendo acordar unanimemente os asinantes a súa prórroga, antes da finalización do prazo previsto.

DÉCIMO CUARTA. - MODIFICACIÓN

A modificación do contido do convenio requirirá acordo unánime dos asinantes, de acordo co previsto no artigo 49.g) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e recollerase expresamente mediante a firma dunha addenda.

DÉCIMO QUINTA. - CAUSAS DE EXTINCIÓN

Serán causas de extinción do presente convenio, e consecuente disolución do CIAR, as reguladas no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, sendo as seguintes:

1. Polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
 - b) O acordo unánime de todos os asinantes.
 - c) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.

- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO SEXTA. - DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DO CIAR

No suposto de extinción do convenio, constituirase unha Comisión liquidadora, en réxime de paridade, integrada por representantes das partes, cuxa actuación haberá de axustarse ás seguintes normas:

1. A posesión dos inmobles e instalacións restituirase aos seus lexítimos propietarios, salvo finalización da concesión, nese caso acrecerán á propiedade do Ministerio de Defensa, tal como indícase na cláusula CUARTA.
2. O material inventariable reintegrarase ás respectivas institucións propietarias.



3. Cada unha das partes dispoñerá o destino que deba darse ao seu persoal.
4. O material adquirido con recursos xerados polo CIAR ou financiado conxuntamente polas partes distribuirase, previo acordo, segundo criterios de proporcionalidade en relación ás respectivas achegas.
5. Os gastos orixinados pola restitución dos bens serán de conta exclusiva da parte que haxa de recibilos, salvo acordo en contrario.
6. Os fondos resultantes da liquidación, se os houberse, distribuiranse en proporción á contribución de cada unha das partes.
7. A Comisión liquidadora deberá finalizar os seus traballos nun prazo máximo de catro meses a partir da súa data de constitución.
8. A Comisión liquidadora será competente para resolver aquelas cuestións non previstas nas normas precedentes, conforme criterios de equidade.

Estas normas haberán de aplicarse tamén no suposto de separación do Convenio por parte dunha ou dúas das institucións asinantes, cando as restantes opten pola súa continuidade.

DÉCIMO SÉTIMA. - RÉXIME XURÍDICO E CONTROVERSIAS

O Convenio rexerase polo establecido nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As cuestións litixiosas ás que poida dar lugar a interpretación, modificación, efectos ou resolución do contido do presente Convenio resolveranse de mutuo acordo entre as Partes, mediante diálogo e negociación no seo da Comisión Reitora establecida na cláusula SEXTA.

Se non fose posible alcanzar un acordo en canto a problemas de interpretación e cumprimento que poidan exporse no marco do presente convenio, as cuestións litixiosas que poidan serán de coñecemento e competencia da Orde Xurisdiccional do Contencioso-Administrativo.

E, en proba da súa conformidade, asinan este documento en triplicado exemplar no lugar e data anteriormente indicados.



Por GAIN e o IGAPE

Polo INTA

D. Francisco José Conde López

D. Jose María Salom Piqueres